

Da memoria e outras historias

Víctor Manuel Santidrián Arias
 Instituto de Ensino Secundario de Arzúa
vsantidrian@edu.xunta.es

(publicado en *Unión Libre. Cadernos de vida e cultura*, nº 9, 2004)

Quizais porque o noso tempo é rápido, acelerado e pouco axeitado para a reflexión, as iniciativas de recuperación da memoria xorden cadora¹. De feito, hai quen afirma que, grazas ós procesos de recuperación do pasado a través das vítimas, a derradeira década do século xx foi a da irrupción da memoria². Detrás dese feito están os pedimentos para a creación dun Tribunal Penal Internacional, a Comisión para a Verdade e a Reconciliación en Sudáfrica e as comisións de investigación dos crimes nos países da Europa oriental ou das ditaduras arxentina e chilena (Monedero, 2003: 140).

Falamos aquí da memoria, relacionada coa historia como disciplina, que adquire un status case autónomo, escapa do ámbito académico e impregna moitas esferas da sociedade³. O poder é consciente desta situación e trata de aproveitala. Non é unha novidade porque, como é ben sabido, «Siempre y a lo largo del tiempo y del espacio se había venido haciendo uso político público de la historia de maneras muy diversas y con fines diversos, desde la vehemencia retórica de los parlamentos a la sistemática manipulación de las dictaduras, de la legitimación de dinastías al acarreo de diplomas por los benedictinos, una historia al servicio del poder, como quería

¹ Para algúns autores, resulta paradoxal que nas democracias occidentais a memoria poida estar ameazada «ya no por la supresión de información sino por su sobreabundancia» porque «arrojados a un consumo cada vez más rápido de información, nos inclinaríamos a prescindir de ésta de manera no menos acelerada; separados de nuestras tradiciones, embrutecidos por las exigencias de una sociedad del ocio y desprovisto de curiosidad espiritual así como de familiaridad con las grandes obras del pasado, estaríamos condenados a festejar alegremente el olvido y a contentarnos con los vanos placeres del instante.» (Todorov, 2000: 14-15).

² Sobre estes feitos e o concepto de «políticas da memoria» remitimos a Garton, 2000 e Barahona, Aguilar e González, 2002.

³ Non é doado atopar unha definición clara destes dous conceptos, «historia» e «memoria», de límites borrosos, sobre os que, nos últimos anos, a bibliografía é moi abundante. Entre as múltiples caracterizacións da historia quedámonos con aquela que a define como «el saber científico de los hechos pasados, [...] un saber acumulativo con sus improntas de exhaustividad, de rigor, de control de los testimonios» fronte á «memoria de estos hechos pasados cultivada por los contemporáneos y sus descendientes» (De J. Fabret-Saada, «Sale histoire», en *Grandhiva*, 10, 1991, páxs. 3-4, citado en Cuesta, 1998: 204). Nas orixes do concepto «memoria histórica» está a obra do sociólogo francés Maurice Halbwachs, para quen o vínculo entre a sociedade e o individuo é, precisamente, a memoria.

Maquiavelo» (Carreras, 2003a: 21). Emerxe, deste xeito, o concepto «uso público da historia»⁴. Os seus antecedentes remóntanse á clásica *historiae magistra vitae* e percorren un longo camiño que vai dende as crónicas altomedievais como argumento de lexitimación de políticas dende a Alta Idade Media (Pasamar, 2003; Pérez Garzón, 2000 e 2003) ata o rexurdimento acaecido nos nosos días, relacionado cos fenómenos de globalización, de crise de identidade e de cambio acelerado que o mundo está a vivir⁵.

Porque, para algúns pensadores, «La historia está siendo revisada o inventada hoy más que nunca por personas que no desean conocer el verdadero pasado, sino sólo aquel que se acomoda a sus objetivos. La actual es la gran era de la mitología histórica» (Hobsbawm, 2003: 273). O esquecemento e a presenza do pasado son selectivos, como se pon de manifesto nas políticas conmemorativas. Celébranse só os centenarios, bicentenarios e cabodanos daqueles sucesos históricos que resultan politicamente rendibles. A historia converteríase, deste xeito, nun «espacio de deconstructivismo: estamos ante una Historia llena de visiones desmitificadoras, transformada en la visión tópica de algunos personajes conmemorados a golpe de celebraciones institucionales (es así como el Poder domestica la Historia, arma de futuro en expresión gramsciana)» (Marín Jiménez, 2003: 46). Así, o control do discurso histórico convértese en obsesión do poder —que, por outra banda, preconiza a desregularización doutros eidos da vida—, «porque quen controle a formación da memoria controla politicamente o presente»⁶.

Asistimos tamén á revisión de certos acontecementos, como aqueles que cuestionan ou xustifican xenocidios dado que «La ofuscación de la memoria de los más facilita el revisionismo historiográfico de las minorías nostálgicas cuando éste coincide con el interés de los que mandan en el presente» (Fernández Buey, 1998: 196). É o caso da corrente historiográfica que nega o Holocausto. A

⁴ A utilización política da Historia é un dos «usos públicos da historia», concepto acuñado por Habermas nun artigo publicado o 7 de novembro de 1986. Con esa denominación, por exemplo, a Asociación de Historia Contemporánea celebrou o seu sexto congreso, que tivo lugar en Zaragoza no mes de setembro de 2002. Os relatorios están publicados en Carreras e Forcadell, 2003b.

⁵ Non hai que esquecer, por exemplo, que os integristas islámicos que se inmolaron na localidade de Leganés no mes de abril de 2004 argumentaban as súas accións recorrendo á «cruzada española contra los musulmanes, la expulsión de Al Andalus y los tribunales de la Inquisición, no hace mucho tiempo» («Los terroristas del 11-M grabaron un vídeo con amenazas antes de inmolarsse», *El País*, 9 de abril de 2004). Pouco despois podíamos ler na prensa o proxecto de retirar da catedral de Santiago de Compostela, «para no irritar al Islam», a escultura de Santiago Matamoros (*El Correo Gallego*, 30 de abril de 2004).

⁶ «A Historia e a dereita española. Editorial», *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, 39, agosto de 2000, páx. 6.

polémica chegou mesmo a Galicia, onde a Xunta comprou un lote de libros —con limiar do Presidente galego— que, ó tempo que revisa as consecuencias da conquista española en América, cuestiona o xenocidio nazi⁷. Talvez este feito non resultaría estraño se lle botáramos unha ollada á traxectoria política do seu protagonista⁸.

Xa en 1992, o Partido Socialista descubrira a utilidade política da Historia cando decidiu conmemorar o Quinto Centenario do Descubrimento de América, evento para o que creou unha comisión estatal dotada de non pouco diñeiro⁹. Máis recentemente, o líder socialista Rodríguez Zapatero facía do quinto centenario da morte de Cervantes o principal embaixador cultural da política española.

Cremos, porén, que os gobernos do Partido Popular foron máis aló pois a súa política conmemorativa desenvolveu todo un programa historiográfico¹⁰. Dous anos despois da súa chegada ó poder, o goberno de José María Aznar creou a Comisión Nacional para a Conmemoración de 1898, da que naceu a exposición *España fin de siglo*. Escribía daquela o profesor Antonio Elorza que o goberno popular esquecía elementos conflictivos dos seus referentes históricos para obter así «representaciones analógicas que refuerzan la legitimidad de la situación y de las orientaciones políticas hoy vigentes». No tocante á exposición *España fin de siglo* sobre o 98, continuaba Elorza: «fuera el

⁷ «A embaixada de Israel lamenta que a Xunta subvencionase o libro que nega o Holocausto», *A Nosa Terra*, 935, 18 de maio de 2000. Véxase tamén Núñez Seixas, 2000.

⁸ Conta Javier Alfaya que «el ministerio de Información y Turismo prohibió la novela de Carlos Fuentes, *Cambio de piel*, acusada, entre otras cosas, de ser antialemána, porque en ella se hablaba del Holocausto» (Alfaya, 2003: 118-119). O titular do citado ministerio era Manuel Fraga Iribarne.

⁹ Tamén foi baixo mandato socialista, en 1988, cando se conmemorou o bicentenario de Carlos III, rei «a quien —escribe o profesor Pérez Garzón— en plena democracia, se le hizo una estatua ecuestre en la Puerta del Sol de Madrid, se enalteció a un personaje que no dejaba de ser un déspota, como todos los reyes absolutos, por otra parte, pero además se afianzó esa burda propaganda que mezclaba despotismo con Ilustración» (Pérez Garzón, 2003: 122).

¹⁰ O uso partidista que os gobernos dos PP fixeron da historia foi denunciado en múltiples foros. Véxase, por exemplo, o *Manifiesto de constitución de la Asamblea de Intervención Democrática* (Madrid, 17 de febreiro de 2004). Trátase dun documento que denuncia o proceso de deterioración democrática vivido polo país nos últimos anos do mandato de José María Aznar. No seu punto 7 pódese ler: «La historia que se fomenta desde las esferas del poder manipula nuestro pasado y es sectaria en referencia al período más próximo. Se enaltece lo más impresentable de nuestra historia, mientras se niega cualquier reconocimiento a quienes lucharon por la libertad. No sólo no se propician los valores de la democracia sino que, por el contrario, se entronca cada vez más con una concepción reaccionaria de España que recuerda tiempos nefastos». Pode consultarse en www.intervenciondemocratica.org

Desastre: la combinatoria de imágenes presenta una España que sufrió un leve percance colonial, pero henchida de modernidad, que ya *iba bien* (también Cánovas decía que “la guerra va bien”; debe haber afinidades electivas)». O obxectivo: «ensalzar a una España conservadora, una pizca autoritaria, con las clases propietarias en el lugar que les corresponde» (Elorza, 1998).

Seguíronlle varias exposicións sobre a Restauración, dedicadas ós grandes personaxes da época: Cánovas, Sagasta¹¹. Logo conmemoráronse os centenarios de Carlos V e Filipe II¹². Entre os últimos actos públicos de José María Aznar estivo a inauguración en Valladolid dunha das exposicións no quinto centenario de Isabel a Católica, unha celebración na que as connotacións políticas e as relixiosas se solapan. Ás veces resulta difícil fuxir da tentación de resumir este programa político no tradicional «Dios, Patria, Rei»¹³.

Os lugares da memoria

Outro concepto relacionado con estes temas é o de «lugares da memoria», que nace da man de Pierre Nora (1984-1992)¹⁴. Trátase dunha «noción abstracta, puramente simbólica, destinada a desentrañar la dimensión rememoradora de los objetos, que pueden ser materiales, pero sobre todo inmateriales, como fórmulas, divisas, palabras clave...» (Nora, 1998: 32). Dentro do concepto de lugar da memoria encaixan todas aquelas realidades, físicas ou inmateriais, nas que se encarna a memoria: festas, emblemas, monumentos, conmemoracións, dicionarios, museos, etc. Interésannos aquí dous lugares da memoria, que en

¹¹ Sobre Antonio Cánovas del Castillo —artífice da restauración monárquica de 1876 que deu nome a unha das fundacións do Partido Popular— e a súa España de oligarquía e caciquismo, escribe Pérez Garzón: «Cuántas veces se ha repetido y subrayado en los libros y en las conmemoraciones celebradas en 1998 que Cánovas del Castillo fue un insigne estadista, silenciando o casi escondiendo que también era el defensor de la esclavitud para las Antillas y que, entre otros, fueron los negreros los que apoyaron sus conspiraciones contra la monarquía democrática de Amadeo I y luego contra la República federal» (Pérez Garzón, 2003: 124).

¹² «Nadie recordó —citamos de novo a Pérez Garzón— en el quinto centenario de Carlos V que bajo su reinado se generalizó la trata de esclavos africanos en América, y que, junto a las revoluciones de los comuneros y de las germanías, también se produjo la primera sublevación masiva de esclavos acaecida en la Española en 1522» (Pérez Garzón, 2003: 122).

¹³ Neste marco, os gobernos do PP, da man de Esperanza Aguirre primeiro, e posteriormente de Pilar del Castillo, lanzaron a súa reforma das humanidades. Sen dúbida ningunha, o ensino da historia constituía a cerna deste debate, que xerou unha ampla literatura. Sen ánimo de exhaustividade, podemos citar a López Facal (2002) e Ortiz, 1998. Véxase a este respecto o *Informe sobre la enseñanza de la Historia* elaborado pola Real Academia de la Historia en xuño de 2000.

¹⁴ Unha versión introdutoria en castelán en Nora, 1998.

realidade poderían ser tres: o anticomunismo —inseparable en determinados imaxinarios do separatismo¹⁵— e mais a Guerra Civil.

Non é necesario facer un grande esforzo para lembrar que con motivo da guerra de Iraq de 2003 e durante a campaña das eleccións xerais de 2004, o líder popular José María Aznar brandiu contra o PSOE —Izquierda Unida e os nacionalismos non españois— a pantasma frontepopulista, reencarnada agora nunha coalición socialcomunista. Aznar e os seus estrategos resucitaban así un anticomunismo que se remonta a 1917. No noso país, por exemplo, Miguel Primo de Rivera xustificou o seu golpe militar como unha defensa ante a «impune propaganda comunista [e pola] descarada propaganda separatista»¹⁶. A mesma pantasma foi empregada profusamente por dous dos artífices do golpe do 18 de xullo de 1936, Emilio Mola e Francisco Franco¹⁷. En rematando a Guerra Civil, o xornalista Manuel Aznar publicaba unha historia militar da contenda, que pode considerarse oficial, na que escribía: «Los jefes del comunismo universal habían decretado ya que, un determinado día del mes de mayo de 1936, toda la campaña de agitación criminal llevada metódicamente a cabo sobre el ensangrentado cuerpo de España, sería coronada por un asalto al Poder político y por la instauración de un régimen de soviets»¹⁸. Non esquezamos que Manuel Aznar é o avó do presidente do PP, organización herdeira da Alianza Popular promovida polo mentor político de José María Aznar: Manuel Fraga Iribarne. Entre eles podemos atopar un fío condutor ideolóxico que vai alén da militancia compartida porque no seu discurso de clausura do I Congreso Nacional de AP (1977), Fraga afirmaba que a súa organización constituía «una opción para cuantos españoles rechacen una España roja o rota», porque comunismo e separatismo eran as principais ameazas para España¹⁹. Semellan as pezas dun crebacabezas que, a modiño, van encaixando unhas coas outras.

Estamos ante un intento que propugna dulcificar ou facer táboa rasa de determinados acontecementos do pasado como a II República, a

¹⁵ Sobre o PP e o nacionalismo español, remitimos a Núñez Seixas, 2004, na revista *Historia del Presente*, publicación que inclúe un dossier sobre memoria e historia.

¹⁶ Sobre este particular escribía Sholomo Ben Ami, hai xa uns anos: «Quizá Primo de Rivera no inventó la amenaza comunista, pero su régimen fue el primer intento decidido de tomarla como punto de partida de un nuevo estado. La dictadura había asumido en sus premisas el miedo paranoico a una conspiración masónico-soviética empeñada en desacreditar a España. [...] El dictador se anticipó a Franco en su autoimpuesta tarea de centinela de occidente contra la amenaza bolchevique [...]» (Ben-Ami, 1983: 122-123).

¹⁷ Neste sentido recomendamos a lectura de Southworth, 2000.

¹⁸ Citado en Southworth, 2000: 73-74.

¹⁹ Citado en Aguilar, 1996: 340.

Guerra Civil e o franquismo. Así, no mellor dos casos a experiencia republicana foi un fracaso baseado en responsabilidades compartidas por igual entre esquerda e dereita, o que inexorablemente levou a un conflito no que a represión do adversario foi unha constante. ¿E o franquismo? Pois foi, non cabe dúbida, un réxime que coartou as liberdades, un sistema autoritario, pero levou a España polos camiños da modernización económica e que puxo o país entre os dez máis industrializados do mundo. Mutatis mutandis, é a visión que permite a un dos epígonos do franquismo considerar «anécdota personal» dun xuíz español a detención en Londres do ditador chileno Augusto Pinochet, afervorado admirador de don Francisco Franco²⁰. Continúa Manuel Fraga Iribarne afirmando que «Hemos sido muchos los españoles amigos y admiradores de Chile» contrarios ó arresto de Pinochet, feito considerado como «pura anécdota que incluso tiene algunos caracteres humorísticos». O humor (negro) é unha das constantes históricas do ex ministro franquista. E para mostra un (outro) botón. Lembremos, unha vez máis, a súa actuación durante as folgas asturianas de 1962 e 1963. Ante as denuncias de malos tratos efectuadas por varios intelectuais, Fraga Iribarne afirmaba: «parece posible que se cometiese la arbitrariedad de cortar el pelo a Constantina y Anita Braña, acto que de ser cierto sería realmente discutible, aunque las sistemáticas provocaciones de estas damas a la fuerza pública la hacían más que explicable [...]. Vea, por tanto, cómo dos cortes de pelo pueden ser la única apoyatura real para el montaje de toda una “leyenda negra” o “tomadura de pelo”, según cómo se mire».

O franquismo que non cesa

É o franquismo que non cesa, indefectiblemente unido á memoria da Guerra Civil, un acontecemento que constitúe outro deses lugares da memoria ós que nos referiamos un pouco máis arriba. Para refrescarnos a memoria segue habendo en moitos lugares de Galicia (e de España) estatuas, inscricións ou rúas que levan o nome de Franco ou doutras persoas comprometidas coa ditadura. Velaquí unha mostra: na compostelá praza da Quintana —lugar de visita obrigatoria para os milleiros de peregrinos que visitan Galicia—, José Antonio Primo de Rivera aínda está presente en forma de inscrición esculpida na pedra. Trátase, por certo, dun edificio da Igrexa católica, institución que algo tería que dicir sobre a súa colaboración co réxime franquista. Permítasenos, xa que logo, un breve comentario sobre este particular.

²⁰ «Fraga llama “anécdota personal de un juez” al “caso Pinochet” ·», *El Mundo*, 15 de xuño de 2000.

Mentres a Igrexa católica lembra os seus mortos, asasinados na Guerra Civil, e os eleva ós altares en multitudinarias cerimoniais como a realizada polo papa Xoán Paulo II en maio de 2003, segue mantendo silencio sobre a súa colaboración cos sublevados do 18 de xullo e coa represión que desencadearon²¹. A única ocasión que coñecemos na que se produciu un intento de revisión da súa postura data de 1971, na asemblea conxunta bispos-presbíteros, «el acto más importante realizado en los años setenta» (Enrique, 1996: 423 e ss.). Un dos temas tratados que resultou máis conflitivo foi, precisamente, o da actuación da Igrexa na Guerra Civil, sobre o que algunhas dioceses —«no muchas», segundo a publicación oficial— redactaron as súas propostas de resolución. O relatorio presentou esta cuestión na «proposición 34», procurando evitar «la estridencia de la formulación y cuidando de no pronunciar un juicio sobre la misma contienda en si» (*Asamblea*, 1971: 159). O debate foi intenso e as posturas enfrontadas, pois houbo dende quen pedía a retirada da proposición ata quen solicitaba unha declaración colectiva de perdón polo papel desempeñado pola Igrexa na contenda. A proposta votada en primeira volta dicía: «Reconocemos humildemente y pedimos perdón porque nosotros no supimos a su tiempo ser verdaderos ministros de reconciliación en el seno de nuestro pueblo, dividido por una guerra entre hermanos». Foron 137 os votos favorables a esta redacción fronte ós 78 nons, mentres que a segunda redacción conseguiu 123 sis e 113 nons: «Reconocemos humildemente y pedimos perdón porque no siempre supimos ser verdaderos ministros de reconciliación en el seno de nuestro pueblo, dividido por una guerra entre hermanos» (*Asamblea*, 1971: 170-171)²².

Retomemos agora o fío do noso discurso, que abandonamos nos lugares da memoria franquista. Dende hai algún tempo, distintos movementos sociais están a reivindicar a supresión da simboloxía franquista aínda existente. Así, por exemplo, despois dunha intensa campaña, a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica de Galicia (ARMHG), arroupada por algúns deputados autonómicos do PSdeG-PSOE e do BNG, entregou o pasado 14 de abril no Parlamento de Galicia os pregos con máis de catro mil sinaturas que esixían a retirada da simboloxía franquista dos rueiros galegos. Dentro da mesma campaña, os activistas da ARMHG conseguiron que os concelleiros ourensáns do

²¹ Represión considerada, non o esquezamos, como un auténtico holocausto («Paul Preston. Historiador. Las fosas comunes de Irak no difieren de las de Franco», *El País*, 31 de marzo de 2004).

²² Sobre a posición da Igrexa católica recomendamos a lectura de *La incoherencia del Vaticano y de la Iglesia*, do profesor Vicenç Navarro, quen afirma que «homenajear únicamente a aquellas víctimas es presentar a la Iglesia como “víctima” en lugar de lo que fue, un contendiente victorioso de un conflicto que dañó enormemente a la población española» (Navarro, 2003). Véxase tamén, Casanova, 2001 e Ragner, 2001.

BNG, apoiados polos do PSOE, presentaran unha moción para retirar do rueiro da Capital das Burgas os nomes de varios militares franquistas. O goberno local do PP, a través do seu concelleiro de cultura, rexeitou a proposta co argumento de que o cambio podería provocar confusión e trastornos a cidadáns e comerciantes²³. A actitude deste representante do Partido Popular é coherente coas opinións do seu xefe de filas, o ex presidente Aznar, quen en 1979 consideraba vingativos os cambios na denominación de rúas promovidos democraticamente polos primeiros concellos: «El de Guernica aprueba por unanimidad retirar la medalla de la villa, así como todos los honores concedidos al anterior Jefe del Estado —que aunque moleste a muchos gobernó durante 40 años y se llamaba Francisco Franco. [...] En Coslada (Madrid) las calles dedicadas a Franco y José Antonio lo estarán a partir de ahora a la Constitución. En Valencia la Plaza del Caudillo pasará a llamarse del “País Valencià”». Continuaba José María Aznar afirmando que «En vez de dedicarse a la mejora de sus Municipios, se dedican a borrar la Historia. ¿Para qué hacer nuevas calles y plazas? Se les cambia de nombre y como si fueran nuevas, y en las próximas elecciones, a repetir» (Aznar, 1979). Parece que o ex presidente Aznar quería facer realidade aquela orde que asinara en 1938 o ministro do interior, Ramón Serrano Súñer, que dicía que «En el fallecido régimen público español acontecía, con relativa frecuencia, que los cambios políticos fueran acompañados de un singular empeño de nimias alteraciones [...]. Resultaba de esta manera bastante castigada la nomenclatura de las vías municipales [...]. Pero nuestro Movimiento nacional no puede solidarizarse con esas costumbres [...]. En su virtud este Ministerio ha tenido a bien disponer [que] sólo en casos de evidente agravio para los principios del Movimiento Nacional [...] podrá acordar la supresión de las denominaciones actuales»²⁴. Evidentemente, «pensar historicamente», segundo a expresión de Pierre Villar, axuda a comprender o presente.

²³ «Ourense conservará las calles de subalternos franquistas», *La Voz de Galicia*, 2 de abril de 2004. Para evitar actitudes mesquiñas cómpre aprender doutras latitudes: con motivo do 28 aniversario do golpe de estado que instaurou a ditadura militar, o goberno arxentino de Néstor Kirchner anunciou a conversión do principal centro de detención e tortura, a Escuela Mecánica de la Armada, nun Museo da Memoria («Kirchner alerta a los militares argentinos contra el golpismo y pide perdón a las víctimas», *El País*, 25 de marzo de 2004).

²⁴ «Orden del Ministerio del Interior dictando normas para las denominaciones de calles y plazas públicas de las localidades», *Boletín Oficial del Estado*, 540, 14 de abril de 1938. O primeiro alcalde do Madrid franquista, Alberto Alcocer, propuxo o 24 de abril de 1939 «limpiar a Madrid de todos los símbolos y nombres que ha dejado en sus vías públicas un régimen político corrompido y nefasto para la patria», a II República, evidentemente (citado en Duch, 2002: 387).

O caso da campaña da que estamos a falar non é un exemplo illado, senón que se insire nun amplo movemento nado no seo da propia sociedade. Quizais o labor máis coñecido e paradigmático é o da Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica, que está exhumando foxas comúns de republicanos fusilados polo franquismo por toda a xeografía española²⁵. O seu rigoroso traballo conseguiu que a ONU remitira ó Goberno español unha recomendación para que investigue as desaparicións durante o réxime franquista²⁶.

Cunha inquietude semellante naceu Memoria Histórica Democrática de Ferrol, formada por un grupo de cidadáns descontentos coa falta de recoñecemento dos homes e mulleres que entregaron as súas vidas na loita contra a ditadura franquista²⁷. Constituída como asociación en outubro de 2002, Memoria Histórica Democrática de Ferrol pretende promover «homenaxes vivas», presentar mocións municipais de recoñecemento das vítimas do franquismo, publicar materiais relacionados coa represión en Ferrolterra, dar a coñecer estes feitos entre a poboación nova, etc. O congreso sobre a represión franquista en Galicia que esta asociación organizou en Narón en decembro de 2003 foi todo un éxito²⁸.

As iniciativas cidadás xorden por todas as partes. A lembranza dos *mortos daquel verán* faise realidade en múltiples actos ó longo da xeografía do país: unha placa no cemiterio de Boisaca (Santiago de Compostela); un monumento a Seoane e Gayoso no da Coruña, cidade onde tamén se erixe un conxunto escultórico no Campo da Rata; Vilagarcía lembra dezasete republicanos diante da foxa onde foron soterrados. Coincidindo co inicio dos estudos sobre os *campos que non existiron*, os campos de concentración franquistas, homenaxéase os represaliados nos de Celanova, Rianxo, San Simón ou Lavacolla²⁹. A relación de iniciativas podería ser longa. A realidade empeza a desmentir a afirmación do profesor Reyes Mate para quen «Nuestros lugares de la memoria son de momento no-lugares, es decir, espacios sin señales externas que sólo subsisten en la memoria oculta de los allegados» (Mate, 2004).

A transición e o «pacto de silencio»

²⁵ A súa páxina web é: www.memoriahistorica.org. Un activísimo foro de discusión na rede é o promovido polo PCE, o Foro por la Memoria (www.pce.es/foroporlamemoria).

²⁶ «La ONU pide que se investigue dónde están enterrados republicanos españoles fusilados tras la guerra», *El País*, 16 de novembro de 2002.

²⁷ www.memoriahistoricademocratica.org.

²⁸ www.congresodamemoria.org.

²⁹ Sobre o campo de Rianxo publicouse un estudo no mes de novembro de 2003 (Comoxo, Costa e Santos, 2003). Sobre Lavacolla véxase Santidrián, 2004.

Lembrar este tipo de testemuños xa históricos é de xustiza, aínda que non sempre se pensou así. Moitas das realidades das que estamos a falar teñen a súas orixes nas orixes da democracia española actual, a Transición, construídas sobre a base do esquecemento dos períodos inmediatos. É unha forma, segundo os estudosos, de evitar o choque das múltiples memorias contraditorias que daquela existían³⁰.

Trátase do «pacto de silencio» que tanta tinta fixo correr³¹. Aínda que non todos os estudosos corroboran a existencia dese pacto, cremos que as opinións de dous destacados protagonistas daqueles anos son definitivas. Con motivo do vinte e cinco aniversario da Matanza de Atocha, Santiago Carrillo dicía: «Tal vez teníamos que habernos negado al olvido. Pero entonces no teníamos fuerza. Había que llegar a la democracia. Ése era el objetivo. Y por eso hemos dejado que se perdiera el recuerdo. Y ahora habría que recuperarlo»³². Doutra banda, é Felipe González quen escribe: «Nosotros decidimos no hablar del pasado. Si lo tuviera que repetir, con la perspectiva de estos 25 años desde la desaparición del dictador, lo volvería a hacer»³³.

Viçens Navarro respondeulle ó ex presidente socialista manifestando que a desmemoria e o esquecemento foron erros políticos da esquerda e unha inxustiza para os antifranquistas. Apoiábase na idea de que «la democracia no puede ser estable cuando se basa en la injusticia reproducida en el olvido». Para Navarro, o abandono da memoria antifranquista por parte da esquerda é a causa pola que «Hoy la juventud no identifica a las izquierdas con la lucha por la libertad, la democracia y la pluralidad [...]. Éste es el gran coste político de su olvido» (Navarro, 2001)³⁴.

Quizais para paliar os silencios do pasado, o mundo da política tamén se está facendo eco da reivindicación da memoria. Por iniciativa do deputado José Luis Méndez Romeu, do PSDG-PSOE, o Parlamento de Galicia aprobou o 3 de abril de 2002 unha proposición non de lei na que se instaba a Xunta a recompilar a documentación relacionada cos presos políticos. No ámbito das Cortes, aprobouse por unanimidade en

³⁰ Un magnífico estudo sobre este problema é o libro de Paloma Aguilar Fernández (Aguilar, 1996).

³¹ No decreto-lei sobre a amnistía, do 30 de xullo de 1977, lese: «Al dirigirse España a una plena normalidad democrática, ha llegado el momento de ultimar este proceso con el olvido de cualquier legado discriminatorio del pasado en la plena convivencia fraterna de los españoles». Sobre a existencia do «pacto de silencio» na Transición, remitimos a Santidrián, 2003.

³² Entrevista a Santiago Carrillo, *El País*, 24 de xaneiro de 2002.

³³ Ademais das referencias xornalísticas (Felipe González, «Chile, Argentina y las Comisiones de la Verdad», *El País*, 2001), esta opinión tamén aparece no libro de González e Cebrián (2001).

³⁴ A cita procede de Navarro, 2001. O artigo está reproducido en Navarro, 2002.

maio de 2001 a rehabilitación política dos guerrilleiros antifranquistas, aínda que a proposta de Izquierda Unida de indemnizacións para eses loitadores foi rexeitada meses despois. En novembro de 2002, o Grupo Parlamentario Federal de Izquierda Unida presentou dúas proposicións non de lei relacionadas coa recuperación da memoria do antifranquismo: unha sobre a dignificación dos presos republicanos que traballaron como escravos baixo a ditadura franquista e outra para proceder ás exhumacións de foxas comúns da Guerra Civil³⁵. Aprobada por unanimidade, a maioría parlamentaria admitiu desta volta que a iniciativa fose apoiada economicamente para que non quedase nunha mera declaración de intencións³⁶. Lembremos tamén o acto de homenaxe ó antifranquismo apoiado por todos os partidos parlamentarios agás o Partido Popular, celebrado o 3 de decembro de 2003 no Congreso dos Deputados.

A memoria das vítimas

Toda esta actividade pon fóra dos seus eixes a certos sectores do espectro político, que responden co insulto e mesmo coa descualificación dos profesionais da Historia. Son a «cofradía de la checa», segundo a súa expresión (Jiménez Losantos, 2001). Eses sectores tamén están a promover unha historiografía destinada a exculpar os verdugos, como é o caso do sorprendente éxito editorial de *Los mitos de la Guerra Civil*, de Pío Moa. Pero tamén, como apunta Vicenç Navarro, «la promoción [en TVE] de la figura del fundador del partido fascista español, el señor José Antonio Primo de Rivera; las declaraciones favorables a la dictadura franquista por parte del delegado del Gobierno central en el País Vasco; la promoción de la canonización del señor Escrivá de Balaguer [...]» (Navarro, 2004).

Pese a todo, cómpre recuperar e manter a memoria das vítimas, porque de vítimas estamos falando. É certo que toda a poboación sufriu a guerra, pero non toda foi vítima das súas consecuencias porque «No es lo mismo haber apoyado a la República que haber promovido la lucha contra ella; ser franquista que no haberlo sido» (Gallego-Díaz, 2004). Recordar o pasado é realizar un acto de xustiza con quen sufriu a inxustiza (Mate, 2004).

Se cadra por esta razón estamos asistindo ó inicio dunha «adecuada política de la memoria» (Reig Tapia, 2003). É certo que a actitude de determinadas institucións e partidos políticos non axuda en

³⁵ Os textos poden consultarse en www.pce.es/memoria_historica.

³⁶ «El PP condena el golpe de Franco y promete honrar a todas las víctimas de la Guerra Civil», *El País*, 21 de novembro de 2001.

nada³⁷. Tampouco é de ningún apoio a fragmentación asociativa nin os localismos extremos pois, se ben é certo que estas iniciativas teñen que estar arraigadas no local, tamén o é a necesidade dunha plataforma, allea a todo tipo de sectarismos e respectuosa coa idiosincrasia do xa existente, que permita coñecer o que se está a facer en cada curruncho de Galicia.

Pero, insistimos, hai xa sinais da emersión dunha «cultura da memoria» (Mate, 2004). No momento en que rematamos de escribir estas liñas, estase a organizar en Madrid unha homenaxe ós republicanos³⁸. Acaba de aprobarse unha proposición non de lei, coa abstención do Partido Popular, pola que se recoñece, unha vez máis, ás vítimas da Guerra Civil, o franquismo e a Transición³⁹. Parécenos que son iniciativas que apuntan na dirección correcta. Non podemos esquecer as vítimas porque, de ser así, corremos o risco, como dicía Manuel Vázquez Montalbán, de que dentro de cincuenta anos os dicionarios enciclopédicos audiovisuais reduzan a biografía de Francisco Franco Bahamonde a un sinxelo «Gobernó con autoridade no exenta de dureza, pero bajo su mando se sentaron las bases del desarrollismo neocapitalista que hizo de España una mediana potencia industrial en el último cuarto del siglo xx. Y cada vez que un ciudadano del futuro lea esa historia objetivada o presencie vídeos reductores, será como si usted emergiera del horizonte conduciendo un fantasmal bulldozer negro dispuesto a cubrir con una capa más de tierra a todas sus víctimas de pensamiento, palabra, obra y omisión» (Vázquez Montalbán, 1992: 663).

³⁷ A Xunta de Galicia, amparándose en defectos de forma non sempre reais, denegou en dúas ocasións consecutivas a legalización dos estatutos, semellantes ós doutros territorios, da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica de Galicia.

³⁸ «Una asociación promueve un homenaje en Madrid a todos los republicanos», *El País*, 31 de maio de 2003.

³⁹ *Proposición no de ley sobre reconocimiento y ayuda a las víctimas del franquismo aprobada por el Congreso de los Diputados en la sesión plenaria nº 13 del martes 1 de junio de 2004*. O texto íntegro do debate en *Diario de Sesiones del Congreso de los Diputados*.

(http://www.congreso.es/public_oficiales/L8/CONG/DS/PL/PL_013.PDF). A noticia pódese seguir, por exemplo, en «El congreso reconoce a las víctimas de la Guerra civil y el franquismo. El PP se abstiene por mencionar también la transición democrática», *El País*, 2 de xuño de 2004; «Debate en la cámara baja sobre la dictadura. Todos salvo el PP votan resarcir a víctimas del franquismo hasta 1977. El Congreso aprueba indemnizar a los caídos también en la transición», *El Periódico*, 2 de xuño de 2004.

Bibliografía

- Aguilar, Paloma (1996), *Memoria y olvido de la Guerra Civil Española*, Madrid, Alianza Editorial.
- Alfaya, Javier (2003), *Crónica de los años perdidos. La España del tardofranquismo*, Madrid, Temas de Hoy.
- Asamblea conjunta Obispos-Sacerdotes* (1971), Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos.
- Aznar, José María (1979), «Vientos que destruyen», *La Nueva Rioja*, 9 de maio.
- Barahona, Alexandra, Paloma Aguilar e Carmen González Enríquez (eds.) (2002), *Las políticas hacia el pasado. Juicios, depuraciones, perdón y olvido en las nuevas democracias*, Madrid, Akal.
- Ben-Ami, Shlomo (1983), *La dictadura de Primo de Rivera, 1923-1930*, Barcelona, Planeta.
- Carreras Ares, Juan José, e Carlos Forcadell Álvarez (2003a), «Historia y política: los usos», en Carreras, 2003a: 11-45.
- Carreras Ares, Juan José e Carlos Forcadell Álvarez (eds.) (2003b), *Usos públicos de la Historia. Ponencias del VI Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea (Universidad de Zaragoza, 2002)*, Madrid, Marcial Pons Historia-Prensas Universitarias de Zaragoza.
- Casanova, Julián (2001), *La Iglesia de Franco*, Madrid, Temas de Hoy.
- Comoxo, Xesús, Xesús Costa e Xesús Santos (2003), *Rianxo na Guerra Civil: Campo de concentración de prisioneiros de guerra. 1937-1939*, Rianxo, Concello de Rianxo.
- Cuesta Bustillo, Josefina (1998a), «Memoria e historia. Un estado de la cuestión», Cuesta 1998b: 203-246.
- Cuesta Bustillo, Josefina (coord.) (1998b), «Memoria e Historia», *Ayer*, 32.
- Duch Plana, Montserrat (2002), «Toponimia franquista en democracia», en Forcadell, Carlos e outros (coords.), *Usos públicos de la Historia. VI Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea. Zaragoza, 19-21 de septiembre de 2002*, Zaragoza, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Zaragoza, páxs. 377-390.

- Elorza, Antonio (1998), «De Mao a El Escorial», *El País Digital*, 16 de xuño.
- Enrique y Tarancón, Vicente (1996), *Confesiones*, Madrid, PPC.
- Fernández Buey, Francisco (1998), «Democracia y memoria histórica», en Cuesta 1998b: 195-201.
- Forcadell, Carlos e outros (coords.) (2002), *Usos públicos de la Historia. VI congreso de la Asociación de Historia Contemporánea, Zaragoza, 19-21 de septiembre de 2002*, Zaragoza, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Zaragoza.
- Gallego-Díaz, Soledad (2004), «No es lo mismo», *El País*, 4 de xuño.
- Garton Ash, Timothy (2000), «Jucios, purgas y lecciones de historia», *Historia del presente*, Barcelona, Tusquets, páxs. 319-339.
- González, Felipe, e Juan Luis Cebrián (2001), *El futuro no es lo que era*, Madrid, Alfaguara.
- Hobsbawm, Eric (2003), *Años interesantes. Una vida en el siglo xx*, Barcelona, Crítica.
- Jiménez Losantos, Federico (2001), «Violencias», *El Mundo*, 20 de marzo.
- López Facal, Ramón (2002), «Contrarreforma educativa: o camiño a ningures», *Tempos Novos*, 59, abril.
- Marín Jiménez, Ignacio (2003), «Estragos de un drama colectivo», en Silva, 2003: 45-53.
- Mate, Reyes (2004), «Lugares de la memoria», *El País*, 12 de abril.
- Monedero, Juan Carlos (2003), «Nocturno de la transición», en Silva, 2003: 133-152.
- Navarro, Viçens (2001), «Los costes de la desmemoria histórica», *El País*, 16 de xullo.
- Navarro, Vicenç (2002), *Bienestar insuficiente, democracia incompleta. Sobre lo que no se habla en nuestro país*, Barcelona, Anagrama.
- Navarro, Vicenç (2004), «Ideología y política en España», *El País*, 23 de febreiro.

- Nora, Pierre (comp.) (1984-1992), *Les lieux de mémoire*, París, Gallimard. 7 tomos.
- Nora, Pierre (1998), «La aventura de Les lieux de mémoire», en Cuesta, 1998: 17-34.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (2000), «Do negacionismo enxebre. O Holocausto e Fraga», *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, 46, setembro, páxs. 46-54.
- Núñez Seixas, Xosé Manoel (2004), «Sobre la memoria histórica reciente y el discurso patriótico español del siglo XXI», *Historia del presente*, 3, 2004, páxs. 137-155.
- Ortiz de Orruño, José M.^a (ed.) (1998), «Historia y sistema educativo», *Ayer*, 30.
- Pasamar Azuria, Gonzalo (2003), «Los historiadores y el uso público de la historia: viejo problema y desafío reciente», *Ayer*, 39, páxs. 221-248.
- Pérez Garzón, Juan Sisinio (coord.) (2000a), *La gestión de la memoria. La historia de España al servicio del poder*, Barcelona, Crítica.
- Pérez Garzón, Juan Sisinio (2000), «Condicionantes e inquietudes de un libro; a modo de presentación», en Pérez Garzón, 2000a: 7-31.
- Pérez Garzón, Juan Sisinio (2003), «Los historiadores en la política española», en Carreras e Forcadell Álvarez, 2003: 107-144.
- Raguer, Hilari (2001), *La pólvora y el incienso. La Iglesia y la guerra civil española*, Barcelona, Península.
- Reig Tapia, Alberto (2003), «La memoria democrática y la Constitución», *El País*, 4 de xaneiro.
- Santidrián Arias, Víctor Manuel (2003), «Memoria histórica (democrática)», *Dezeme. Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundación 10 de Marzo*, 6, marzo, páxs. 90-94.
- Santidrián Arias, Víctor Manuel (ed.) (2004), *Diario del soldado republicano Casimiro Jabonero. Campo de prisioneros de Lavacolla. Prisión de Santiago de Compostela, 1939-1940*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

- Silva, Emilio, Asunción Esteban, Javier Castán e Pancho Salvador (coords.) (2003), *La memoria de los olvidados. Un debate sobre el silencio de la represión franquista*, Valladolid, Ámbito.
- Southworth, Herbert (2000), *El lavado de cerebro de Franco. Conspiración y guerra civil*, Barcelona, Crítica.
- Todorov, Tzvetan (2000), *Los abusos de la memoria*, Barcelona, Paidós.
- Vázquez Montalbán, Manuel (1992), *Autobiografía del general Franco*, Barcelona, Planeta.